

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Emprego

Aprobación definitiva do expediente de modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento prorrogado 2017. Emprego

Emprego

Aprobacion definitiva do expediente de modificación do Anexo de subvencións nominativas do orzamento prorrogado 2017. Emprego

EDICTO

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 16/06/2017, aprobou inicialmente o expediente de modificación do anexo de subvencións de Emprego do orzamento prorrogado para o 2017.

Transcurrido o prazo de exposición ao público do acordo provisional, publicado no BOP núm. 119, de 26 de xuño de 2017, non se presentou reclamación ningunha, elevándose a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Publícase, a continuación, o seu resumo:

Eliminar do anexo a seguinte subvención nominativa:

Mellora competitiva do sector hostaleiro	5.000€
--	--------

Incrementar o importe da subvención, especificar e ampliar o obxecto da subvención:

Entidade	Concepto	Importe subvención
Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal (Aje Ferrolterra)	Difusión, apoio, promoción e formación na cultura emprendedora e na vocación empresarial de xóvenes empresarios e futuros emprendedores de centros de formación e iniciativa "minimarket"	9.500€

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar o día seguinte á publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contecioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/90 e no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 20 de abril.

Ferrol, 24 de xullo de 2017

O concelleiro delegado da Área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego, Normalización Lingüística e Promoción Económica

José Alvaro Montes Celeiro

2017/6502